

## **DEPARTAMENTO DE FRANCÉS PROGRAMACIÓN**

### **1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

E.S.O.

Ao iniciar esta etapa de educación secundaria obrigatoria, o alumnado entrará posiblemente en contacto por primeira vez cunha segunda lingua estranxeira. Trátase pois nos primeiros cursos de familiarizalo con ela para a súa utilización en situacións de comunicación sinxelas e, progresivamente, lograr un dominio comunicativo suficiente para desenvolverse en situacións sinxelas e habituais da vida cotiá, e tamén noutras conectadas coas súas motivacións e intereses. En canto ás primeiras linguas profundizamos máis en tódolos aspectos inda que nestas idades temos sempre que retomar a lingua dende o básico.

**BACHARELATO**

O currículo da segunda lingua estranxeira preséntase, en termos xerais, semellante ao da primeira lingua estranxeira: comprensión e expresión oral. Comprensión e expresión escrita. Coñecemento da lingua. Elementos socioculturais e consciencia intercultural. O seu tratamento variará en función das aprendizaxes xa existentes, adquiridas en etapas anteriores.

### **2.CONTRIBUCIÓN DAS AREAS E MATERIAS AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

A materia de lingua estranxeira relaciónase moi directamente coa competencia en comunicación lingüística, pero, debido aos seus trazos comunicativos, sociais e culturais, tamén contribúe ao desenvolvemento doutras competencias como a de aprender a aprender, a do tratamento da información e competencia dixital, á competencia social e cidadá, á competencia artística e cultural e á da autonomía e iniciativa persoal. De maneira máis tanxencial tamén contribúe ás competencias matemática e do coñecemento e a interacción co mundo físico, especialmente mediante a utilización da lingua estranxeira como instrumento de información con outros contidos do currículo.

### **3.OBXETIVOS POR CURSO**

E.S.O.

O ensino da segunda lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender mensaxes orais claras e sinxelas, relativas ás situacións de comunicación máis habituais ou que conteñan información básica sobre o conxunto próximo familiar e social e producidas por falantes ou por medios de reprodución e de comunicación.
2. Utilizar oralmente a lingua estranxeira co fin de satisfacer necesidades básicas de comunicación tanto en interaccións reais e propias da aula, como en interaccións simuladas que reproduzan situacións reais cotiás e interaccións sociais básicas, producindo textos comprensibles e mostrando interese por comprender e facerse comprender.
3. Comprender mensaxes escritas relativas a situacións habituais de comunicación expresadas en diferentes tipos de texto, identificando cunha finalidade comunicativa concreta as informacións globais e específicas que transmiten os textos.

4. Escribir textos sinxelos con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código escrito.
5. Ler de forma comprensiva e cada vez cun maior grao de autonomía textos adecuados ás capacidades e intereses co fin de obter informacións requiridas pre viamente.
6. Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación e valoralo como elemento que facilita a aprendizaxe e mellora as producións propias.
7. Comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos, e incidindo nos trazos característicos da cultura galega para cumprir, se é o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais.
8. Usar estratexias de aprendizaxe xa aprendidas noutras linguas e desenvolver e ampliar outras mediante a comparación e contraste entre as diferentes linguas do currículo, aplicando a experiencia propia en esas linguas á aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.

#### BACHARELATO

A segunda lingua estranxeira debe contribuír a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

1. Comprender e interpretar a información global e informacións específicas con dificultade progresiva, relativas a situacións habituais de comunicación, procedentes dos diferentes medios de comunicación audiovisuais ou emitidas oralmente en relacións directas, acudindo a claves lingüísticas e non lingüísticas.
2. Comprender as informacións de carácter xeral e específico, contidas en textos escritos en fontes variadas, de progresiva dificultade, desenvolvendo estratexias persoais que axuden a acceder á información.
3. Expresarse na lingua estranxeira, de forma oral e escrita, en situacións da vida cotiá, mostrando interese por comprender e facerse comprender, así como recoñecer e empregar o ritmo e entoación propios da lingua estranxeira.
4. Compoñer textos escritos, con dificultade progresiva e diversa intencionalidade.
5. Ler de maneira autónoma libros curtos e sinxelos que traten temas próximos ás súas necesidades e intereses, como medio de información, formación e lecer, comprendendo os seus elementos esenciais.

#### 4.SECUENCIA DE CONTIDOS

##### PRIMEIRO CURSO.

Bloque 1. escoitar e falar.

- Comprensión de mensaxes orais sinxelas e básicas para realizar actividades da aula.
- Comprensión de textos orais sinxelos gravados ou en diferentes soportes multimedia, conectados cos seus intereses e apoiados con imaxes, sons e xestos.
- Achegamento a aspectos elementais fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da nova lingua.
- Participación con actitude de colaboración en situacións de comunicación sinxelas e básicas, reais ou simuladas, seguindo modelos e empregando respostas verbais ou non verbais.
- Memorización de producións orais breves significativas (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quen da de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención...).

- Interese por empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación (saúdo, despedida, presentacións, felicitación ás persoas da aula nos seus aniversarios, expresións básicas de estados de ánimo...).
- Utilización das estratexias básicas que favorecen a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a persoas doutras culturas
- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.
- Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social en lingua estranxeira.

#### Bloque 2. Ler e escribir.

- Asociación e identificación de grafía, pronuncia, fonema e significado a partir de modelos escritos, de imaxes, con palabras coñecidas e relacionadas con temas próximos ao alumnado, en situacións contextuais empregando diferentes recursos visuais e informáticos.
- Lectura e comprensión de diferentes mensaxes, (tiras de banda deseñada, karaoke, menús, instrucións dun xogo, mensaxes de correo electrónico, xogos de pistas, anuncios publicitarios) e adaptadas á súa competencia lingüística, en soporte papel e dixital, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa ou polo placer da lectura.
- Escritura de palabras e enunciados moi sinxelos e coñecidos previamente en producións orais utilizando distintos medios (xogos visuais e informáticos nos que o alumnado teña que formar palabras e asocialas con imaxes, modelos, textos para completar) coa intención de compartir información ou cunha intención lúdica e/ou funcional.
- Uso de programas informáticos educativos para ler, escribir e presentar mensaxes sinxelas.
- Interese polo coidado na presentación dos textos escritos.
- Valoración positiva dos textos escritos propios e os do resto das persoas da aula, colaborando na súa produción e exposición e integrando estas na rutina diaria (carteis, calendario, cartafol colectivo).
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.

#### Bloque 3. Coñecementos da lingua

##### Coñecementos lingüísticos

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua como o substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, e conectores básicos de adición -e, ou, tamén...
- Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas relativas ao saúdo, á despedida, ás presentacións, aos parabens de aniversario, e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns de prioridade inmediata (información persoal básica, material e instrucións de aula, materias escolares, actividades de lecer, trazos básicos físicos e de personalidade).
- Identificación de antónimos básicos e de uso habitual.
- Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas básicas relacionadas con situacións cotiáns.
- Identificación de sons e grafías de fonemas e produción de trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización...).
- Recoñecemento e produción comprensible de patróns moi básicos

de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

- Soletreo do nome, enderezo, nacionalidade e outros datos persoais.

Reflexión sobre a aprendizaxe.

- Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- Uso guiado de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia: observación, repetición, memorización utilizando estratexias de agrupación léxica, imaxes e representacións visuais de sons.
- Uso de estratexias para producir lingua adecuada mente: repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
- Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas propias.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva para superalo.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa e cooperativa en actividades e traballos grupais.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades da aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos grupais.
- Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.
- Identificación e respecto cara aos costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira respecto a patróns culturais existentes en Galicia.
- Iniciación á competencia intercultural mediante a identificación de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas culturas do alumnado, se é o caso, analizándoos comparativamente, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega.
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
- Respetto pola cultura da lingua estranxeira en comparación coa galega, acadando unha consciencia intercultural que supere os estereotipos.
- Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas

SEGUNDO CURSO.

Bloque 1. escoitar e falar.

- Comprensión de mensaxes orais de progresiva complexidade articuladas con claridade e pausadamente, para realizar actividades da aula.
- Comprensión de textos orais de dificultade crecente -diálogos, anuncios, información meteorolóxica, localización dunha persoa, obxecto

ou lugar- conectados cos seus intereses en soporte audiovisual e multi - media, para extraer información global e algunha específica.

- Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión e a produción oral.
- Participación en situacións reais ou simuladas de comunicación (conversas telefónicas, peticións, auto-presentación e presentación doutras persoas, compra-venda, identificación e localización de persoas, obxectos e lugares) dando respostas verbais e non verbais que supoñan unha elección entre un repertorio cada vez máis amplo de posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.
- Utilización das convencións propias do proceso comunicativo: prestar atención á persoa que fala, quendas de palabra, contacto visual, actitude positiva e adecuación da resposta á intervención das outras persoas.
- Utilización das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira e solicitando repeticións para asegurar a comprensión.
- Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas.

Bloque 2. Ler e escribir.

- Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas e consolidación das asociacións grafía- son das mensaxes empregadas en situacións funcionais de comunicación.
- Lectura e comprensión de diferentes mensaxes significativas (entrevistas de personaxes de interese, bitácoras, instrucións dun novo xogo, mensaxes de correo, narración dun suceso, historias curtas...) en soporte papel e dixital, adaptadas á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa ou proxecto ou para gozar da lectura.
- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas, solicitadas previamente, en diferentes tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre diversos temas axeitados á súa idade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Uso guiado de estratexias de lectura (utilización das imaxes, títulos e outras informacións visuais, e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece o alumnado), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
- Lectura expresiva e escritura de textos propios de situacións cotiás próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas, xogos.
- Composición de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos oralmente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da vida diaria.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para ler e transmitir información (webs, programas multimedia, correo electrónico).
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o sentido estético dos

mesmos.

- Interese por cooperar na utilización da lingua estranxeira na súa forma escrita na aula, por expoñela como recordatorio visual e para a aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e espazos da aula, calendario, normas de xogos...).
- Iniciación ao coñecemento e uso das estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos -  
os máis estruturados e con axuda.

### Bloque 3. Coñecementos da lingua.

#### Coñecementos lingüísticos.

- Identificación de elementos morfolóxicos básicos e habituais no uso da lingua como o substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, e conectores básicos de adición -e, ou, tamén...-, enumeración e clasificación -en primeiro lugar, a continuación, logo, finalmente.
- Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas relativas ao tempo meteorolóxico, gustos, localización espacio-temporal, lugares e de léxico relativo a contextos concretos e cotiáns de proximidade inmediata (comida e bebida, actividades cotiáns e delecer, o corpo e o estado físico...).
- Identificación de antónimos básicos e de uso habitual.
- Recoñecemento e pronuncia intelixible de fonemas básicos.
- Recoñecemento e produción comprensible de patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

#### Reflexión sobre a aprendizaxe.

- Ampliación de estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Uso de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos e a súa integración na propia competencia: memorización, identificación de necesidades, inferencia.
- Uso de estratexias para producir lingua adecuada mente: repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
- Uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexión sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.
- Participación en actividades de avaliación com partida, na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades da aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos grupais.
- Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

### Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.
- Identificación e respecto cara aos costumes e trazos da vida cotiá propios doutros países e culturas onde se fala a lingua estranxeira respecto a patróns culturais existentes en Galicia.
- Iniciación á competencia intercultural mediante a identificación

de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas culturas do alumnado, se é o caso, analizándoos comparativamente, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega.

- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.
- Respeito pola cultura da lingua estranxeira en comparación coa galega, acadando unha consciencia intercultural que supere os estereotipos.
- Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas

En segundo primeira lingua afondamos máis nos contidos, sendo máis rigurosos.

### TERCEIRO CURSO.

#### Bloque 1. escoitar e falar.

- Comprensión global e específica de textos orais auténticos ou pedagóxicos de progresiva complexidade de articulados con claridade e ritmo pausado e acentuación estándar relacionados coas actividades propias da aula, cos intereses dos rapaces e das rapazas, e cos seus sentimentos, desexos e gustos (entrevistas a persoas coñecidas, sucesos, relato oral do que se está facendo, vendo ou escoitando, relato da vida diaria de compañeiros/as e de persoas doutras culturas).
- Interese pola pronuncia coidada, ritmo, entoación e acentuación adecuadas como aspectos fundamentais para a comprensión e a produción oral.
- Participación activa en situacións cotiás sinxelas de comunicación espontáneas, relacionadas coas actividades de aula, e planificadas (decidir sobre un asunto, facer peticións, organizar a actividade, traballar en equipo, pedir aclaracións ou axuda, expoñer un tema...), respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- Participación nas situacións de comunicación con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación, e colaborando co seu interlocutor para facilitarlle a comprensión, utilizando adecuadamente os conectores lóxicos, temporais, de causa e de comezo e peche do discurso.
- Confianza no uso das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, e solicitando repeticións e reformulacións para asegurar a comprensión.
- Interese por empregar a lingua estranxeira e por aprender o seu uso en novas situacións de comunicación de progresiva complexidade, atendendo á corrección e á adecuación das expresións.
- Valoración das actividades realizadas fóra da aula nas que a lingua empregada sexa a lingua estranxeira.
- Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.
- Actitude crítica ante as desigualdades amosadas nas mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación social, audiovisuais e multimedia.

#### Bloque 2. Ler e escribir.

- Comprensión de instrucións básicas para a resolución de actividades presentadas por escrito.
- Comprensión da información xeral e específica en diferentes tipos de textos, auténticos e adaptados, breves, en soporte papel e dixital, sobre asuntos familiares, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira en resposta a unha tarefa previamente coñecida.
- Recoñecemento da idea principal dun texto sinxelo, distinguindo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema).
- Uso progresivamente autónomo de estratexias de lectura (utilización dos elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que se coñecen previamente), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais.
- Exploración das posibilidades expresivas da lectura de mensaxes nas que a expresividade sexa ingrediente fundamental para a comprensión e goce destas (breves obrinhas de teatro, chistes, poemas, cancións, conversas da vida cotiá...).
- Actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da internet e identificación de valores e ideas subliminais que supoñan calquera tipo de discriminación ou manipulación.
- Interese pola lectura autónoma de textos en lingua estranxeira para obter información e goce.
- Lectura e escritura de textos propios de situacións comunicativas habituais de relación social, de medios de comunicación e de textos para aprender e para informarse.
- Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse por escrito con rapaces e rapazas doutros lugares (chat e correo electrónico) e para aprender costumes e aspectos culturais propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e doutros nos que se estuda a lingua estranxeira (manifestacións artísticas e musicais, danzas, festivais, paisaxe, clima, toloxía, patrimonio histórico, comidas, deportes, xogos tradicionais e actividades de lecer...).
- Produción de textos escritos sobre temas de interese elaborados, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización e revisión), tanto de forma individual como cooperativa, (buscando neste caso que o resultado se aca de a través da negociación entre o grupo), utilizando as tecnoloxías da información para a produción destes.
- Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético.
- Composición de textos de creación propia asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e estruturas, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización -organización en párrafos, e revisión), con diversas intencións comunicativas (contar experiencias, sentimentos, preferencias, regular normas, informar de acontecementos, invitar a actuar con responsabilidade ecolóxica...).
- Interese por empregar as TIC para producir textos e presentacións coa finalidade de transmitir a outros rapaces e rapazas aspectos relacionados coa nosa identidade cultural (adaptando ou creando poemas, lendas,



cancións e describindo lugares do contorno, personaxes da nosa cultura, xogos e festas populares...).

### Bloque 3. Coñecementos da lingua.

#### Coñecementos lingüísticos.

- Uso de elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, preposición, conectores de adición, enumeración, clasificación primeiramente, finalmente comparación e causativos que permitan recoñecer e formular enunciados.
- Uso progresivamente autónomo de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos -preguntas por preferencias, expresión de opinións- e léxico sobre temas de interese persoal (traballos da xuventude, as festas, a amizade, as saídas, a compravenda...).
- Comprensión de palabras cos prefixos e sufixos máis habituais, e uso de antónimos.
- Uso de estruturas lingüísticas e funcións comunicativas asociadas a diferentes contextos propios da idade do alumnado.
- Uso guiado de esquemas textuais relativos a textos narrativos descritivos e instrucionais.
- Recoñecemento e produción intelixible de diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

#### Reflexión sobre a aprendizaxe.

- Aplicación de diferentes estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.
- Uso de estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos, a súa integración na propia competencia, e a súa progresiva reutilización: memorización, recuperación, comparación con outras linguas coñecidas, transferencia.
- Uso de estratexias para producir lingua adecuada mente: repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.
- Organización e uso, cada vez máis autónomo, de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Análise e reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece o alumnado.
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.
- Valoración da capacidade persoal para progresar no coñecemento e no uso da lingua.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos grupais ou individuais.
- Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

### Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

- Valoración do uso da lingua estranxeira como medio para comunicarse con persoas de procedencias diversas.
- Identificación dos trazos comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda respecto a patróns culturais existentes en Galicia.
- Iniciación á competencia intercultural mediante a identificación de distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas culturas, se é o caso, do alumnado, analizándoos comparativamente,

evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega.

- Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación.

- Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais ou tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos.

- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.

En terceiro primeira lingua profundizamos mais nas catro competencias básicas.EO,EE,CO,CE.  
CUARTO CURSO.

Bloque 1. escoitar, falar e conversar.

- Comprensión detallada de textos emitidos dentro da aula relacionados coas actividades habituais, e de textos curtos gravados ou emitidos en soporte multi media e articulados con claridade e ritmo e acentuación estándar.

- Obtención de información xeral de textos orais auténticos gravados e en soporte multimedia que con teñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversación habituais nesa idade escolar.

- Participación activa en situacións reais de comunicación ou simuladas empregando expresións cada vez máis complexas, baseadas en modelos e estruturas lingüísticas coñecidas (para falar da familia, doutras persoas, de actividades diarias, gustos, lugares e obxectos, con estrutura lóxica e con pronunciación intelixible que non impida a comunicación.

- Participación en conversas espontáneas, relacionadas coas actividades de aula, e en simulacións sinxelas e comúns con todo tipo de interaccións (parellas, grupos, equipos) dentro da aula, narrando historias ou describindo acontecementos, persoas e lugares, plans e citas, con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación, e colaborando co seu interlocutor para facilitarlle a comprensión, e utilizan do adecuadamente os conectores básicos necesarios para asegurar a cohesión e coherencia do discurso.

- Uso de estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas: colaborando cos demais na interacción, verificando a comprensión propia e a dos demais e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

- Consciencia no uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde, cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave.

- Uso de rutinas ou modelos de información que o destinatario vai recoñecer como narración, descrición ou instrucións.

- Comprensión do sentido dun texto e reformulación na propia lingua coa finalidade de facer o texto comprensible a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira.

- Valoración das linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de

acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.

Bloque 2. Ler e escribir.

- Comprensión de instrucións e indicacións sinxelas e de comentarios sinxelos aos seus traballos escritos.
- Comprensión da información xeral e específica de textos auténticos, en soporte papel e dixital, breves, que conteñan vocabulario frecuente sobre temas cotiáns de interese xeral, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira e relacionados con contidos básicos doutras áreas do currículo.
- Análise da estrutura, contido, léxico e estruturas sintácticas dun texto para identificar o tipo de que se trata: literario, informativo, científico, etc. distinguiendo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema).
- Uso de diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), uso do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen.
- Lectura autónoma de textos de certa extensión relacionados cos seus intereses superando as limitacións dos coñecementos lingüísticos mediante a utilización de estratexias de comprensión lectora, adecuadas á finalidade da lectura: intensiva, para informarse minuciosamente; selectiva, en busca dunha información específica; extensiva, lectura rápida dun texto longo; e oceánica, para facerse unha idea global do texto.
- Uso de distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.
- Produción guiada de textos sinxelos e estruturados, utilizando elementos de cohesión máis complexos (conectores, substitucións léxicas, mantemento de tempo verbal, etc.) para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando adecuadamente a ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
- Uso de diversas estratexias de expresión como a planificación, atendendo ao destinatario e ao tipo de texto descritivo, narrativo, instrutivo que corresponda á intención de comunicación; a xeración de ideas mediante creación de listas, esquemas, remuíños de ideas colectivos...; a textualización, organizando as ideas en parágrafos e encadeando estes con marcadores temporais e lóxicos necesarios, atendendo ao tipo de texto; localización de recursos coma dicionarios; e a revisión do texto, nos aspectos relativos a ortografía, puntuación, orde das palabras e tempos verbais.
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos (e-mail, chats, etc.), identificando nestes últimos a ausencia de corrección da gramática, a sintaxe e a ortografía debidos á velocidade de resposta instintiva e impulsiva que xera a súa inmediatez.
- Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital -uso de marxes, espazos entre parágrafos, maiúscula ao inicio de parágrafo, guiños nos diálogos- utilizando as regras básicas de ortografía e

puntuación e valorando da súa importancia nas comunicacións escritas.

- Comprensión do sentido dun texto, desverbalización -desligándose da formulación lingüística orixinal e reexpresión do sentido na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo, que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

Bloque 3. Coñecementos da lingua.

Coñecementos lingüísticos.

- Uso de elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, preposición, conectores, ordenadores do discurso (de comezo e de conclusión); de explicación -é dicir, isto é...- de resumo, causaefecto, exemplificación e condición que permitan recoñecer, formular e organizar enunciados e mensaxes.
- Uso de expresións frecuentes e de locucións idiomáticas, frases feitas, circunloquios e léxico sobre temas pertinentes para a súa vida diaria e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.
- Uso de antónimos, sinónimos e «falsos amigos», substitución léxica sinxela e formación de palabras a partir de prefixos e sufixos.

Valoración da capacidade persoal para progresar no coñecemento e no uso da lingua.

- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos individuais e cooperativa nos grupos.
- Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

Bloque 4. Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.

- Valoración da importancia da lingua estranxeira en todos os eidos das relacións internacionais.
- Identificación das características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e respecto por patróns culturais distintos aos existentes en Galicia, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a prensa, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación.
- Consciencia da propia competencia para axudar, servindo de mediadores entre individuos que non teñan unha lingua común e carezan, por tanto, da capacidade para comunicarse en situacións básicas.
- Interese e iniciativa por comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais ou tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos.
- Valoración do enriquecemento persoal que supoñen a relación e a comunicación con persoas pertencentes a outras culturas.
- Interese e iniciativa na comunicación con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel, medios dixitais e informáticos.
- Toma de conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia pertenza a esta, evitando actitudes etnocéntricas.

BACHARELATO SEGUNDA LINGUA

## COMPRESIÓN E EXPRESION ORAL

A segunda lingua estranxeira debe contribuír a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

1. Comprender e interpretar a información global e informacións específicas con dificultade progresiva, relativas a situacións habituais de comunicación, procedentes dos diferentes medios de comunicación audiovisuais ou emitidas oralmente en relacións directas, acudindo a claves lingüísticas e non lingüísticas.
2. Comprender as informacións de carácter xeral e específico, contidas en textos escritos en fontes variadas, de progresiva dificultade, desenvolvendo estratexias persoais que axuden a acceder á información.
3. Expresarse na lingua estranxeira, de forma oral e escrita, en situacións da vida cotiá, mostrando interese por comprender e facerse comprender, así como recoñecer e empregar o ritmo e entoación propios da lingua estranxeira.
4. Compoñer textos escritos, con dificultade progresiva e diversa intencionalidade.
5. Ler de maneira autónoma libros curtos e sinxelos que traten temas próximos ás súas necesidades e intereses, como medio de información, formación e lecer, comprendendo os seus elementos esenciais.

A segunda lingua estranxeira debe contribuír a que as alumnas e os alumnos desenvolvan as seguintes capacidades:

## COMPRESIÓN E EXPRESION ESCRITA

-Comprensión e elaboración de textos sinxelos, da vida cotiá, como notas, folletos, instrucións, etc.

-Comprensión de información xeral de textos xornalísticos, literarios ou académicos, en soporte papel e dixital, que traten temas próximos e coñecidos, identificando as ideas principais.

-Localización e comprensión de información específica en documentos escritos, en fontes variadas, de progresiva dificultade, coa axuda do dicionario.

-Lectura de textos curtos de carácter xeral ou específico, seguindo a liña argumental, acudindo aos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto e/ou a aplicación de regras para inferir significados.

-Lectura autónoma de textos curtos de diversa natureza e elaboración de resumos con emprego de gráficos, escalas e outros elementos icónicos cando proceda.

-Busca de información, en distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, planificada de acordo coa finalidade pretendida.

-Elaboración de textos escritos para participar en intercambios comunicativos con progresiva corrección e acudindo a estratexias xa adquiridas.

-Composición de textos escritos, de progresiva complexidade, atendendo á intención de informar, describir, explicar, argumentar, planificando e utilizando as estruturas morfosintácticas adecuadas e os mecanismos de coherencia e cohesión textual, acudindo a dicionarios e/ou outros materiais se fose preciso.

## COÑECEMENTO DA LINGUA.

-Coñecemento e uso de elementos morfosintácticos e léxicos que permiten recoñecer, planificar e elaborar distintos tipos de texto.

-Recoñecemento e uso de expresións frecuentes e de locucións idiomáticas, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade e relacionados con contidos académicos.

-Coñecemento e uso de regras para a comprensión e ampliación de

léxico de uso común e académico. Sinonimia. Antonimia. Formación de palabras por derivación e composición.

-Recoñecemento e uso das características propias dos distintos tipos de texto e a súa adecuación ás diferentes situacións de comunicación.

ELEMENTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.

-Coñecemento das regras, costumes e convencións socioculturais máis relevantes dos países que falan a lingua en estudo, que permitan unha mellor e máis adecuada comunicación.

-Busca, selección e análise de elementos culturais dos ámbitos histórico, literario, musical e outros, presentes nos textos escritos, audiovisuais ou dixitais.

-Achegamento a aspectos actuais relevantes dos países que teñen como fala a que está sendo estudada.

-Recoñecemento da diversidade cultural como elemento enriquecedor.

## 5.TEMPORALIZACIÓN

E.S.O. Segundo Idioma

1º Unidades 1,2.Primeira avaliación. 3,4 Segunda avaliación. 5,6 Terceira avaliación.

2º Unidades 0,1,2 Primeira avaliación. 3,4 Segunda avaliación. 5,6 Terceira avaliación.

3º Unidades 1,2 Primeira avaliación, 3,4 Segunda avaliación, 5,6 Terceira avaliación.

4º Unidades 0,1,2 Primeira avaliación, 3,4 Segunda avaliación, 5,6 Terceira avaliación.

E.S.O. Primeira Lingua

1º Unidades, 1,2,3 Primer Trimestre, 4,5,6 Segundo Trimestre, 7,8 Tercer trimestre

2º Unidades 1,2,3 Primer Trimestre, 4,5,6 Segundo Trimestre, 7,8 Tercer trimestre

BACHARELATO

1ºMódulos 0,1,2 Primeira avaliación,3,4 Segunda avaliación, 5 Terceira avaliación.

2ºMódulos 0,1,2Primeira avaliación, 3,4 Segunda avaliación, 5 Terceira avaliación.

Avaliación Inicial terá lugar a segunda semana de outubro.

As restantes serán en nadal, marzo e xuño.Pendientes e bacharelato en maio.

Os libros de texto son: Motivés 1, Motivés 3 de Anaya para 1º e 3º da ESO.

En Spirale 2 ,@robase 4 de Oxford para 2º e 4º da ESO.

Adosphère 2, 3 de S.M .para 2º e 3º da ESO, primeira lingua.

Scénario 1, 2 para 1º e 2º Bacharelato.

## 6.CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### PRIMEIRO CURSO

1. Comprender as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e básicas emiti das cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi a modo e con moita claridade.

A través deste criterio trátase de avaliar se se é quen de seguir instrucións ou indicacións, de identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico. Igualmente, preténdese avaliar que o alumnado recoñece as funcións básicas dunha situación de comunicación (saudar, expresar a opinión, o acordo/desacordo; agradecer, invitar, chamar a atención, pedir colaboración, preguntar e dar un prezo...) e o estado de animo dos falantes. Valorarase especialmente a utilización de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Comunicarse oralmente (en parella, en pequeno grupo, en gran grupo) coa facilidade suficiente para satisfacer as necesidades de comunicación básicas de interacción na aula e participar en simulacións breves e

sinxelas sobre temas coñecidos ou traballados pre viamente.

3. Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos pero contextualizados en situacións de comunicación significativas para o

alumnado como mensaxes multimedia, historias curtas, tarxetas de felicitación, anuncios e carteis, aprendidos con anterioridade na súa forma oral ou xa traballados nas outras linguas do currículo.

Trátase de valorar a capacidade do alumnado de relacionar a forma escrita coa forma oral, recorrendo ás diversas linguaxes que acompañarán as palabras e enunciados (imaxes, xestos, sons, disposición dos textos). A identificación destas noutros contextos e a relación coas aprendizaxes previas noutras linguas será clave para a valoración positiva da aprendizaxe.

4. Producir mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con axuda de modelos que pre viamente foran aprendidos oralmente.

Avaliarase a capacidade de escribir enunciados sinxelos a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, saudar, escribir un cartel...) tanto de forma manuscrita como en formato dixital.

5. Na propia lingua, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos moi básicos e evitando os estereotipos.

## SEGUNDO CURSO

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos e articulados con claridade e pausadamente.

2. Participar con progresiva autonomía en conversacións espontáneas relativas ás necesidades na aula, e en simulacións nas que se narre ou describa experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas moi sinxelas, as expresións máis usuais de relación social nos rexistros familiar e neutro, o vocabulario básico dos temas e ámbitos estudados e unha pronunciación comprensible que non impida a comunicación.

Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en situacións interactivas habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicacións mediante as novas TIC, etc.). Valorase a utilización das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal, soletreo e solicitude de repeticións para asegurar a comprensión.

3. Participar comprensivamente en situacións de comunicación escritas (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios escritos e empregando formas lingüísticas e non-lingüísticas.

Avalíase con este criterio a capacidade de interactuar en situacións comunicativas necesarias na vida diaria (pedir algo, cubrir un formulario, aceptar unha invitación...). Atenderase tamén á actitude coa que se

participa nos intercambios: mirar a quen se dirixe e o interese pola composición de textos a partir de modelos.

4. Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística dos alumnos e alumnas, en soporte papel e dixital.

TERCER CURSO. Participar con progresiva autonomía en conversacións espontáneas

relativas ás necesidades na aula, e en simulacións nas que se narre ou describa experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas moi sinxelas, as expresións máis usuais de relación social nos rexistros familiar e neutro, o vocabulario básico dos temas e ámbitos estudados e unha pronuncia comprensible que non impida a comunicación.

Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en situacións interactivas habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicacións mediante as novas TIC, etc.). Valorarse a utilización das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal, soletreo e solicitude de repeticións para asegurar a comprensión.

3. Participar comprensivamente en situacións de comunicación escritas (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios escritos e empregando formas lingüísticas e non-lingüísticas.

Avalíase con este criterio a capacidade de interaccionar en situacións comunicativas necesarias na vida diaria (pedir algo, cubrir un formulario, aceptar unha invitación...). Atenderase tamén á actitude coa que se

participa nos intercambios: mirar a quen se dirixe e o interese pola composición de textos a partir de modelos.

4. Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística dos alumnos e alumnas, en soporte papel e dixital.

4. Compoñer mensaxes escritas significativas atendendo ás persoas ás que van dirixidas, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital, e elaboradas de tanto de forma individual como forma cooperativa.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado de producir, a partir de modelos, textos curtos e diversos sobre temas relacionados cos seus intereses atendendo aos diferentes elementos da comunicación. Terase en conta o uso de estruturas lingüísticas variadas, a amplitude de vocabulario e o uso de conectores de adición, enumeración, clasificación comparación e causativos na formulación dos enunciados.

Valorarase especialmente a atención prestada ás fases de produción do texto: planificación, xeración de ideas, textualización -organización en párrafos-, e revisión, negociando no grupo para chegar ao resultado final, no caso de textos colaborativos.

5. Na propia lingua, comparar distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando trazos básicos e evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega.

#### CUARTO CURSO

• 1 Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais curtas emitidas de forma clara, breve e organizada, en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas concretos e coñecidos polo alumnado, así como sobre temas relacionados con aspectos cotiáns e socioculturais (organización do sistema escolar, da Seguridade Social, das vacacións...), relativos ao país ou países nos que se fala o idioma estudado.

2. Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da



situación.

Con este criterio valórase a capacidade para desen volverse en conversas con intencións comunicativas básicas diversas (establecer relacións, narrar, dar a súa opinión, describir), utilizando as normas de interacción adecuadas ao rexistro familiar ou neutro derivado do contexto, e as estratexias e os recursos básicos que aseguren a comunicación cos interlocutores (preguntar, pedir que se soletra ou se fale máis amodo...).

Os intercambios comunicativos conterán elementos de coordinación e subordinación básica que poden presentar algunhas incorreccións que non dificulten da comunicación.

Trátase de valorar o uso dos recursos lingüísticos adquiridos e a súa adecuación sociolingüística. Valórase igualmente a independencia progresiva dos modelos e o interese e iniciativa na comunicación.

3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada sobre temas traballados na aula e tamén que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira recoñecendo feitos e opinións, identificando, se é o caso, a intención comunicativa do autor, e utilizando as estratexias requiridas pola finalidade da lectura.

4. Redactar de forma guiada textos diversos, atendendo ao destinatario e ao esquema textual que corresponde á intención de comunicación, cuidando o léxico, as estruturas lingüísticas, e algúns elementos máis complexos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector e revisando o produto final para verificar ortografía, puntuación, orde de palabras e tempos verbais.

• 5 Reformular na propia lingua o sentido dun texto tanto oral como escrito que conteña temas traballados na aula para facelo comprensible a un interlocutor próximo, que descoñeza a lingua estranxeira e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

Mediante este criterio avalíase a capacidade de mediar, cunha actividade de interpretación informal, cando o receptor descoñece a lingua orixinal. Trátase de valorar a capacidade de desligarse da formulación lingüística orixinal e de explicar o sentido do texto de tal xeito que se poidan evitar malentendidos en un contexto social multilingüe.

6. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de xeito progresivamente autónomo para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso.

Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer

relacións persoais tanto orais como escritas, sendo consciente, no caso dos chats, do pouco cuidado na escritura das frases e da ausencia de corrección da gramática, a sintaxe, e a ortografía debidos á velocidade de resposta instintiva e impulsiva que xera a súa inmediatez.

As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por empregala.

## BACHARELATO

1. Extraer a información global e informacións específicas de mensaxes orais, emitidas en contextos cotiáns sobre temas relacionados cos

seus intereses e estudos.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade das alumnas e dos alumnos para comprender informacións sobre temas da vida cotiá, temas relacionados coa súa experiencia, en intercambios orais dentro da aula ou escoitando textos preparados previamente. Comprobarase así mesmo a capacidade para inferir significados acudindo ao contexto, aos xestos, etc.

2. Extraer informacións globais e específicas sobre temas traballados previamente en textos orais que presenten apoio visual, procedentes dos medios de comunicación sobre temas de carácter xeral ou relacionados cos seus estudos específicos.

Con este criterio búscase coñecer a capacidade do alumnado para comprender as ideas esenciais dun texto oral, en textos en directo ou gravados dos medios de comunicación audiovisual como noticias, programas de divulgación, entrevistas, así como comprobar a comprensión de informacións específicas relevantes sinaladas previamente.

3. Participar en intercambios comunicativos orais que respondan a situacións habituais producindo un discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade das alumnas e dos alumnos para participar en actos de comunicación facendo uso das estratexias necesarias para asegurar unha correcta comprensión e expresión.

4. Expoñer de forma clara e coherente información sobre un tema proposto e traballado previamente, propiciando o intercambio de opinións na aula.

Con este criterio preténdese comprobar a capacidade de planificación, organización das ideas e expresión, sobre un tema traballado previamente, así como o respecto ás ideas alleas e ás normas de cortesía nun debate.

5. Extraer a información contida en textos escritos de diferente tipo e procedentes de diversas fontes (xornais, revistas, libros, folletos) conaxuda do dicionario e doutros recursos. Os textos tratarán temas relacionados con intereses das alumnas e dos alumnos así como con textos académicos.

Con este criterio búscase comprobar a capacidade do alumnado para buscar, seleccionar e utilizar información en textos auténticos de carácter xeral e/ou específico, utilizando estratexias persoais que o axuden na comprensión.

## 7.MÍNIMOS ESIXIBLES

### **MÍNIMOS 1º BACHARELATO FRANCÉS SEGUNDA LINGUA**

Le pluriel des noms et des adjectifs.

Les adjectifs de nationalité.

Les adjectifs qualificatifs : place

La comparaison

L'article partitif.

Les formes négatives : ne...pas, ne ...jamais, ne ...rien, ne ...personne.

Les pronoms personnels COD et COI.

Les prépositions et l'emploi de celles-ci avec les noms de lieu.

L'expression de la possession : déterminants et pronoms.  
Les démonstratifs : déterminants et pronoms.  
Emploi des relatifs : qui, que où.  
L'interrogation totale et partielle.  
Le partitif. Les pronoms EN et Y.  
Présent, imparfait, futur, conditionnel, impératif, passé composé.  
Vocabulaire spécifique suivant : chiffres, heures, noms de lieu, langues, dates. Les présentations, les loisirs, la famille, la description physique et psychologique, le corps, la santé, le lycée et le monde de l'école, Les tâches ménagères et les petites annonces, les types de maison, les meubles, la vie au quotidien, la banque, la poste, les types de séjours à l'étranger, les repas, la nourriture, les restaurants.

## **MÍNIMOS 2º BACHARELATO FRANCÉS SEGUNDA LINGUA**

Le pluriel, l'accord des adjectifs, les antonymes et synonymes.  
Emploi des prépositions avec les noms de lieu, les degrés de la comparaison.  
Révision de l'emploi des prépositions à, en.  
Les pronoms EN, Y.  
La négation.  
Les adjectifs et pronoms démonstratifs.  
Les adjectifs et pronoms possessifs.  
Les pronoms COD et COI,  
Les adverbes, catégories et formation.  
Les pronoms toniques.  
Interrogation totale et partielle.  
Les pronoms relatifs.  
Présent, imparfait, passé composé, futur, conditionnel, présent de subjonctif, impératif, participe présent et gérondif.  
Vocabulaire spécifique suivant : les pays, les moyens de transports, les achats, la réservation, les médias, le cinéma, les films, la télé, le temps libre, les vacances, les types de séjours, les vêtements, la mode, les magasins, le sport, l'écologie, le système scolaire français.

## **MÍNIMOS 1º E.S.O. SEGUNDA LINGUA**

Présent de l'indicatif des verbes en -er  
Les verbes avoir, être et faire.  
Les articles définis et indéfinis.  
La phrase négative  
Donner son avis : J'aime, je déteste, j'adore, je n'aime pas.  
Dire où on va. Le verbe aller.  
Les adjectifs qualificatifs, genre et nombre.  
Les adjectifs possessifs.  
On = nous.  
L'interrogation. Combien... ? Qui est-ce ? Comment... ?  
Le vocabulaire spécifique suivant : la famille, la maison, la chambre, les matières, les animaux, le matériel scolaire, les loisirs, les couleurs, les saisons, les salutations, les nombres, la date, l'heure...

## **MÍNIMOS 2º E.S.O. FRANCÉS PRIMEIRA LINGUA**

Présent de l'indicatif du premier et deuxième groupe et des verbes être, avoir, faire, voir, croire, vouloir, pouvoir, devoir, aller, venir, mettre, sortir, dormir, connaître, prendre, boire.

L'impératif, le passé composé.

Les ordinaux, la négation.

L'interrogation.

Les adjectifs qualificatifs : genre et nombre.

Les pronoms personnels COD.

Les prépositions de lieu.

Les déterminants : définis, indéfinis, contractés, possessifs, démonstratifs, partitifs.

La phrase négative.

La comparaison.

Le futur proche, le passé récent, le présent continu.

Le vocabulaire spécifique suivant : la description, l'heure, les nombres, la famille, les pays, les couleurs, les moyens de transport, les vêtements, la nourriture, les tâches ménagères.

## **MÍNIMOS 2º E.S.O. FRANCÉS SEGUNDA LINGUA**

Présent de l'indicatif des verbes en -er, être, avoir, aller, faire, venir, mettre.

Les verbes pronominaux.

L'interrogation

Les noms : genre et nombre.

Le pronom indéfini on.

Les articles définis et indéfinis.

La phrase négative.

L'impératif : affirmatif et négatif.

Les adjectifs qualificatifs : genre et nom.

Le vocabulaire spécifique suivant : la famille, les repas, les couleurs, les moyens de transport, les vêtements, le sport, le corps, la date.

## **MÍNIMOS 3º E.S.O. FRANCÉS PRIMEIRA LINGUA**

Les articles partitifs

Les possessifs: adjectifs et pronoms.

Les pronoms démonstratifs.

La comparaison.

Les pronoms COD et COI.

Les pronoms Y et En.

La négation : ne ..rien, ne ...personne, ne...jamais, ne ...plus

Les pronoms relatifs : qui, que, où.

Le discours indirect au présent.

Le futur proche, le présent progressif, le passé récent.

Les temps verbaux : présent, futur, imparfait, impératif, passé composé des verbes réguliers et irréguliers.

Le vocabulaire spécifique suivant : la description, la météo, les genres musicaux, les instruments de musique, la santé, les nombres.

## **MÍNIMOS 3º E.S.O. FRANCÉS SEGUNDA LINGUA**

Présent, imparfait, futur, passé composé et impératif.

Les pronoms personnels COD et COI..

Les articles partitifs.

Le relatif qui.

Prépositions et adverbess de lieu.

Le pronom EN et Y.

Les adjectifs qualificatifs : le genre et le nombre.

Les possessifs : adjectifs et pronoms.

La phrase interrogative.

Le vocabulaire spécifique suivant : les nombres, la description, la famille, les activités quotidiennes, le sport, la musique, la nourriture, l'environnement, les professions, les loisirs, le collège, la ville, la maison.

## **MÍNIMOS 4º E.S.O. FRANCÉS SEGUNDA LINGUA**

Présent, imparfait, futur, conditionnel, et passé composé.

Le passé récent, le présent progressif, le futur proche.

Les pronoms personnels toniques.

La négation : ne...pas, ne...plus, ne...jamais, ne...rien.

Quel, quelle, quels, quelles.

Les adjectifs et pronoms démonstratifs.

Les pronoms personnels COD et COI.

Le vocabulaire spécifique : noms de pays et nationalité, les loisirs, les maladies, le corps, les sports, les vêtements, les vacances. Internet.

## **MÍNIMOS 4º E.S.O. FRANCÉS PRIMEIRA LINGUA**

Présent, imparfait, futur, conditionnel, passé composé et subjonctif.

Les pronoms personnels COD et COI.

Les pronoms relatifs simples.

Les pronoms démonstratifs.

Le pronom EN et Y.

La comparaison.

La place de l'adjectif.

L'expression de but, concession, opposition, cause et conséquence.

Les adverbes de manière.

Les adjectifs possessifs.

La négation.

Le vocabulaire spécifique suivant : le sport, la description, le corps, la ville, la campagne, les habitudes alimentaires, l'argent, le cinéma, le monde professionnel, la mer, le tourisme.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Utilizaránse os mesmos criterios da avaliación que xa foron expostos nos contidos mínimos de 3 da ESO.

## **LIBROS DE TEXTO**

**1º E.S.O. Primeira Lingua : « Adosphère 1 », e seu « cahier d'activités »**

**TEMPORALIZACIÓN : Leccións 0,1,2 no primer trimestre, 3,4 no segundo e 5,6 no terceiro.**

**1º E.S.O.Segunda Lingua : “Motivés 1” , e seu “ cahier d'activités”A temporalización e a mesma que a precedente.**

**2º E.S.O. Primeira Lingua: “Adosphère2”**

**TEMPORALIZACIÓN: Leccións 0,1,2 no primer trimestre, 3,4 e 5,4 nos seguintes.**

**2º E.S.O. Segunda Lingua: “En Spirale 2” e seu “ cahier d'activités”Leccións 0,1,2 no primer trimestre, 3,4 no segundo e 5,6 no último.**

**3º E.S.O. Segunda Lingua : “ Motivés 3” ”Leccións 0,1,2 no primer trimestre, 3,4 no segundo e 5,6 no terceiro.**

**4º E.S.O. Primeira Lingua: “Adosphère 4” e seu “cahier d'activités”**

**TEMPORALIZACIÓN: Leccións 0,1,2 no primer trimestre,3,4 e 5,6 nos seguintes.**

**4º E.S.O. Segunda Lingua: “ Arobase 4”“ ” Leccións 0,1,2 no primer trimestre, 3,4 no segundo e 5,6 no tercer trimestre..**

## 8.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Elaboración dun caderno de apuntes e tarefas.
- Probas escritas. Probas orais.
- Colección de traballos , lecturas ou fichas.
- Actitude fronte á asignatura. Asistencia diaria.
- Puntualidade. Participación nas actividades propostas polo departamento.

### Avaliación Setembro

Será a nota obtida no exercicio que se efectuará nas datas sinaladas pola xefatura de estudos.Estará composto dos mínimos esixibles.

## 9.INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Exercicios de opción multiple, de complementación.
- Preguntas de resposta breve ou extensa, con xustificación.
- Redaccións . Cuestionarios.
- Intervencións en clase.
- Plazos establecidos para a entrega de traballos.

## 10CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

E.S.O.

- Probas e examens 70%
- Esfuerzo habitual e mellora continuada 10%
- Hábitos de traballo 10%
- Traballos entregados e lecturas no prazo establecido 10%
- Haberá un rexistro diario de deberes.

BACHARELATO

- Comprensión escrita 20%
- Comprensión oral 20%
- Expresión escrita 20%
- Expresión oral 30%
- Traballos entregados e lecturas no prazo establecido 10%

O alumnado que suspenda terá un exercicio de recuperación.

O alumnado que perda o dereito a avaliación continua por faltas non xustificadas fará unha única proba en xuño.

## 11PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Neste apartado utilizaráanse diversos instrumentos:

- Probas escritas
- Debates. Lecturas.
- Observación na aula dos primeiros días na clase.
- Test de actitudes
- Conversas e xogos

## 12PLANS DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

No mes de outubro ós alumnos son convocados e informados do traballo de recuperación que deben facer ó longo do curso que será supervisado pola xefa de seminario. Consta dunha parte escrita ( exercicios de gramática, léxico, redacción) e dunha parte oral (lectura, conversación...).Dispoñen dunha hora de atención á semana para dadas.

O traballo a realizar entregarase no mes de abril e en maio examínanse da proba de pendentes.

O traballo realizado valorarase nun 60%

O exame terá un valor do 40%

Os alumnos con francés pendente de 1º ESO terán un seguimento especial en 2ºESO pola profesora que lles imparte clase no presente curso, se aproban as avaliacións trimestralmente de 2º curso superaran a materia pendente de 1º. Se os resultados obtidos na primeira avaliación no son favorables serán informados do exercicio de pendentes en xaneiro.

### 13PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR

Os alumnos repetidores estarán controlados polo propio profesor, que lles poderá mandar pequenas tarefas (exercicios gramaticais, de relación, estruturas básicas, etc) á marxe dos traballos da clase de referencia. Tratarase sobre todo exercicios de reforzo.

### 15METODOLOXÍA DIDÁCTICA INCIDINDO NO IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSONAL

Unha metodoloxía de estas características supón un maior esforzo por parte do alumno.Favorece un sentimento de autoestima, unha maior conciencia lingüística e tamén do proceso de aprendizaxe. Darase unha especial importancia a todos aqueles traballos que parten da propia iniciativa do alumnado.

### 16 MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Na nosa asignatura non temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Hai previstas actividades de reforzo e de prolongación en cada curso.

### 17PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Todos os manuais utilizados dispoñen dun apartado da educación en valores .Plantexados desde a súa triple dimensión: personal ( liberdade, adaptación personal) de relación ( amizade, comunicación) social ( paz, xusticia, ecoloxía, tolerancia)

Valores morais, relixiosos, científicos, técnicos, vitais...

No espazo físico( aulas) faise especialmente fincapé na utilización correcta da mesma, recordándolles os alumnos ó cuidado e mimo dos materiais existentes nela.

### 18ACCIONS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Contribuímos ao proxecto lector mediante:

-Receitas de cociña.

-Mapas, planos, guías de viaxe.

-Prensa, xornais, revistas, tarxetas de felicitación.

-Lecturas homenaxe de personaxes (ficticios ou non) relevantes ao longo do curso.

### 19 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Creación de historias con diálogos en francés.

Elaboración de carteis e textos.



Creación de blogs.

Utilización de programas para mellorar a pronunciación, grabación da voz e corrección da mesma.  
Posibilidade do proxecto etwining.

## 20 ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Plan de actuación en caso de acoso escolar.

Difusión dos deberes e dereitos dos alumnos e normas de convivencia.

Implicación do departamento no deseño de actividades que melloren o clima de convivencia.

Comunicación cos centros de primaria máis próximos.

Participación e implicación en celebracións festivas concretas relacionadas coa asignatura con aportacións culinarias en xeral realizadas polo propio alumnado.

## 21 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos impresos: libros de texto, libros de consulta, prensa...

Recursos audiovisuais : DVD, CD, cañón de imaxe, cine, tv...

Recursos informáticos: ordenador, cañón de imaxe,...

## 22 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

E.S.O.

Celebración do día do Samaín.

1º,2º,3º,4º ESO Teatro en francés : Os miserables 22 Xaneiro

Saída a centros educativos da zona ofrecendo pequenos espectáculos.

Semana gastronómica francesa

Pequenas exposicións dos traballos do alumnado.(tarxetas de Nadal, caligramas,...)

Películas V.O. Francesa con subtítulos

BACHARELATO

Celebración do día do Samaín.

1º,2º Teatro en francés: Os miserables 22 Xaneiro

Semana gastronómica francesa

Películas V.O. Subtituladas.

Para todo o alumnado actividades relativas a Conmemoracións( Nadal, Carnaval,Fin de curso)

## 23 PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Contemplarase a adecuación da actividade ós obxetivos marcados curso por curso.

O obxectivo deste punto é que sirva de mecanismo para posibles reajustes ben do aprendizaxe do alumno ben do proceso de ensino.

A maneira máis sinxela de facelo é mediante unha pequena enquisa ou cuestionario onde se refliten os puntos anteriormente citados e que recolla propostas para melloralas se fora preciso.